

BESTEIRO E SANTÍN APOIAN AOS CANDIDATOS DA MONTAÑA, ONDE A RENOVACIÓN DAS CANDIDATURAS ACADA O 40%

As listas dos 11 concellos que integran esta zona inclúen un total de 126 integrantes, dos que o 40% son novas incorporacións. Nesta listaxe, a presenza feminina tamén ten unha importante representación, ao situarse no 30%

“Somos un gran partido, con grandes candidatos e, por riba de todo, xente traballadora que demostrou que goberna para as persoas. Foron os alcaldes socialistas os que dignificaron esta comarca e vida nela, demostrando que se poden ter servizos sociais de primeira vivindo no rural e na Montaña”, destacou o líder do PSdeG

Fronte ao abandono e ao desleixo dos Gobernos do PP con esta zona, o secretario Provincial sinalou que “nós non imos permitir que A Montaña e as súas aldeas queden só para a fin de semana, pois se esta zona sobrevive non é polo Partido Popular é polo empuxe dos veciños e os progresistas”, afirmou Santín

Con este encontro, Besteiro, Santín e os alcaldes tamén quixeron “dar o protagonismo que merece” a candidatura que lidera Javier Núñez en Baleira, e que sitúa como principais eixos de actuación o emprego e a consolidación de empresas no municipio, o aproveitamento dos recursos que ofrece o Camiño e a mellora dos servizos sociais

Baleira, 12 de maio de 2015.- Os secretarios Xeral do PSdeG e Provincial –José Ramón Gómez Besteiro e Juan Carlos González Santín-, trasladaron este martes todo o apoio da executiva nacional-galega e provincial aos candidatos da Montaña. Foi no encontro que mantiveron en Baleira; un dos concellos da comarca que presenta unha clara renovación, tanto no cabeza de lista, como nos integrantes da mesma. E é que dos municipios que integran esta zona, o Partido Socialista goberna en todos, agás no indicado, As Nogais, Ribeira de Piquín e Triacastela. Polo que respecta a estes municipios, tan só repiten os alcaldables destes dous últimos –Roberto Fernández Rico e Miguel Fernández, respectivamente-.

Concretamente, as listas dos 11 concellos que conforman esta zona inclúen un total de 126 integrantes. Destes, o 40% son novas incorporacións. Asemade, nesta listaxe, tal e como se pode ver no cadro que figura a continuación, a presenza feminina tamén ten unha importante representación, ao situarse no 30%.

MUNICIPIO	Nº CANDIDATOS	REPITEN	NOVOS	HOMES	MULLERES
BALEIRA	12	8	4	10	2
A FONSGRADA	14	9	5	7	7
NAVIA DE SUARNA	14	9	5	11	3
NEGUEIRA DE MUÑIZ	5	2	3	4	1
RIBEIRA DE PIQUÍN	10	4	6	6	4
BECERREÁ	15	12	3	8	7
CERVANTES	10	8	2	9	1
AS NOGAIS	12	3	9	9	3
PEDRAFITA	12	9	3	11	1
SAMOS	11	10	1	8	3
TRIACASTELA	11	2	9	7	4
TOTAIS	126	76	50	90	36

“Somos un gran partido, con grandes candidatos e, por riba de todo, xente traballadora que demostrou que goberna para as persoas e que aposta polos servizos públicos”, afirmou o líder dos socialistas galegos en contraposición coa actuación dos Gobernos do PP. “O Partido Popular ten abandonada esta zona. Foron os alcaldes socialistas os que dignificaron esta comarca e vida nela, demostrando que se poden ter servizos sociais de primeira vivindo no rural e na Montaña”, apuntou Besteiro.

E é que tal e como destacou Santín, Lugo, xunto con Teruel, Zamora, Ourense e Asturias, son as provincias que máis poboación perden en toda España. “Con este Goberno galego vai todo para o eixo atlántico. Quitannos servizos públicos, limítannos o acceso á Sanidade ao non ter as dotacións no HULA, pechan escola, non apoian ás empresas... Dende logo, os socialistas non imos permitir que A Montaña e as súas aldeas queden só para a fin de semana, pois se esta zona sobrevive non é polo Partido Popular é polo empuxe dos veciños e dos alcaldes progresistas”, subliñou o secretario Provincial.

Apoio particular a Baleira

Con este encontro, Gómez Besteiro, González Santín e os alcaldes tamén quixeron “dar o protagonismo que merece” a candidatura que lidera Javier Núñez en Baleira. Trátase dunha lista formada por 12 integrantes, e profundamente renovada, pois o obxectivo, engade o alcaldable, é “consolidarse como un equipo no que a experiencia política e a renovación, que se sitúa no 75%, vaian da man para tomar a alternativa do actual equipo de Goberno, iniciando un camiño totalmente distinto do que nos ten acostumados o Partido Popular”.

Neste senso, os principais eixos de actuación do seu goberno darán resposta ás principais demandas e necesidades da cidadanía. Para iso, no programa, en primeiro lugar, inclúen o fomento do emprego e a consolidación de empresas no municipio, apostando deste xeito pola potenciación dos sectores estratéxicos para o concello, como é o agrogandeiro ou polas oportunidades que ofrece o polígono industrial. En segundo lugar, e relacionado co anterior, darán prioridade ao aproveitamento dos recursos que ofrece o Camiño de Santiago para mellorar a economía local; e, en terceiro lugar, á mellora dos servizos sociais, co fin de prestar unha atención axeitada a unha gran parte da nosa poboación, que supera amplamente os 65 anos.

